

2º.- Complemento de intersubstitución

O complemento de intersubstitución será obxecto de modificación mediante a revisión das normas que o regulan. A modificación será obxecto de negociación no mes de outubro de 2007 vinculada á negociación da adaptación das retribucións a TIS. De acordo co previsto no Plan de mellora a intersubstitución retribuirase co seu valor real, calculado sobre os emolumentos do/a profesional substituído/a, agás os complementos persoais e vinculado a actividade a realizar. A intersubstitución no persoal de enfermería conlevará a supresión da vinculación a tramos de Cartillas/TIS actualmente vixente.

De xeito transitorio, e ata a data indicada, o complemento de intersubstitución incrementárase nun 50% do valor actualmente vixente para médicas/os de familia, pediatras e diplomadas/os en enfermería.

Con carácter xeral, procurarase non utilizar a intersustitución, así, para a cobertura das ausencias, e tendo en conta o persoal dispoñible para cobertura temporal nas listas, ofertarase principalmente prolongación de xornada para o persoal das unidades e servizos, e xornada complementaria nas unidades e servizos para o persoal de PAC.

Esta retribución adicional coa que se incrementa transitoriamente a intersubstitución ata a data de efectos das novas condicións aplicables, aboarase a través dun Programa Especial polo Complemento de Produtividade Variable.